



MEMORIA

O IX Ciclo de Teatro Aficionado “Domingos a Escena” desenrolouse, no Salón de Actos do Centro Cívico de Caranza, ao longo dos meses de Setembro 2008 a Abril 2009, dividido en dúas partes: 1ª Parte do 21 de Setembro 2008 ao 21 de Decembro 2008 e unha 2ª. Parte do 11 de Xaneiro 2009 ao 19 de Abril 2009.

Por este IX Ciclo pasaron 27 Grupos de Teatro Aficionado de toda Galicia.

- 6 Grupos de Ferrol: Bartoleta Teatro, Ti e mais eu Teatro, Teatro Amistade, Teatro Contraste (N+1), Crucía Teatro e Teatro Ad Líbitum.
- 7 do resto da comarca de Ferrol: Obradoiro de Teatro de Mugar dos, Quemaistén Teatro de As Pontes, Teatro Arruallo de Miño, O Aturuxo de Melpómene, ImaxinaT Teatro e Teatro A Pombiña (Pedroso), de Narón e Arco Iris de Valdoviño.
- 8 do resto da provincia de A Coruña: Sal-Monela Teatro (A Coruña), Teatro de Cámara Ditea (Santiago de Compostela), Teatro Badius (Baio-Zás), Teatro do Improvisto (Boiro), Ateaco Teatro (A Coruña), Teatro Airiños (Rianxo), Gº. De Tº. Do CPI de Touro e Carfáx Teatro (O Burgo-Culleredo).
- 4 da provincia de Lugo: Nova Escena Teatro (Lugo), Metátese Teatro (Palas de Rei), A.C. Falcatrueros (Monterroso) e Teatro O Bordelo (Cervo).
- 1 da provincia de Ourense: Tiruleque Teatro (Carballiño).
- 1 da provincia de Pontevedra: Rueiro Teatro (Coia-Vigo)

Os aproximadamente 5800 espectadores que tivo este IX Ciclo, unha media de 216 espectadores por función, puideron disfrutar de obras de distintos autores como: Arniches, Woody Allen, Shakespeare, Mihura, Buero Ballejo, Manuel Masdías, Roberto Vidal Bolaño, Manuel Lourenzo, José Luis Prieto e outros textos adaptados doutros autores e de textos dos propios membros dos grupos.

Neste IX Ciclo de “Domingos a Escena” instaurouse o **PREMIO DO PÚBLICO**, dotado con 1500€ e a posibilidade de representar a obra gañadora no Teatro Jofre, e otorgouse á obra que acadou unha maior puntuación na valoración que os espectadores lle concederon ao remate de cada representación.

A obra gañadora do I Premio do Público “Domingos a Escena” foi “**R.I.P. Marandaina**” de Teatro “**O Bordelo**” de Cervo.

Para este IX Ciclo de “Domingos a Escena” creouse un Blog en internet:

(<http://domingosaescena.blogspot.com>) onde se iba colgando toda a información sobre o ciclo e os grupos participantes.

*O IX Ciclo de “Domingos a Escena” estivo patrocinado pola **Concellalía de Cultura de Ferrol**, coa colaboración da **Deputación de A Coruña**, a **Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural** da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a **Federación Galega de Teatro Aficionado (FEGATEA)**.*

*A organización e coordinación deste ciclo correu a cargo da Asociación Teatral “**MAX Teatro**”*